

MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

1 ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada situada detrás da grada da pista de atletismo do Campus de Ourense, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

Non se permite o acceso de público.

Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

Os/as adestradores/as das/os atletas participantes así coma o pai/nai/titor dos/as atletas menores de idade (so un por atleta), poderán solicitar acreditación ata ás 12:00 horas do 20/08/2020 na seguinte ligazón:

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSchOCGIaip7Stk7kBtOFDRnzRcDZaXcEyibwPG4ccy1M3RL8w/viewform>

2 USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá guantes, máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na grada, na Secretaría, na Cámara de chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para a colchoneta de altura, o foso de salto de lonxitude, os artefactos de peso e os tacos de saída das carreras.

3 VESTIARIOS

Os vestiarios e taquillas estarán a disposición dos/as atletas, e serán hixienizados periódicamente.

O aforo máximo do vestiario será de 10 persoas por quenda.

4 CÁMARA DE CHAMADAS

A Cámara de Chamadas estará situada no interior da pista de atletismo.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar en cámara de chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

A Declaración Responsable está dispoñible na web do meeting:

<http://www.ourensemeeting.es/>

Os/as atletas recollerán o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

5 ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas disporán do campo de herba sintética no interior da pista de atletismo para realizar os seus exercicios de queceamento.

O queceamento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas.

6 CARREIRAS

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregarse unha nova unha vez chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha nova máscara.

7 CONCURSOS

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na secretaría ata unha hora antes do comezo da proba.

Todo material que sexa compartido será desinfectado antes do seu uso por outra persoa.

8 DIRECTOR PROTOCOLO FGA COVID-19

A organización estará a disposición do Director de Protocolo COVID-19 nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Director de Protocolo COVID-19 son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

9 NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – Deporte Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

10. PLANO DA INSTALACIÓN

